

## **RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO E PROFESORADO DE EDUCACIÓN SUPERIOR DAS INSTITUCIÓNS INTERNACIONAIS ASOCIADAS AO PROXECTO 2020-1-ES01-KA107-079729 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.**

O Programa Marco «Erasmus+» para o período 2014-2020 posúe unha regulación legislativa propia fundamentada no Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, polo que se crea o Programa «Erasmus+», de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Nº 347 o 20/12/2013.

Neste Regulamento establécese que existirá unha convocatoria anual de propostas que reúna as distintas accións do Programa Marco «Erasmus+» e a súa periodización. Recolle, así mesmo, que as condicións referidas nas respectivas convocatorias de propostas figurarán na *Guía do Programa Erasmus+* correspondente a cada convocatoria, formando parte esta mesma *Guía* da propia convocatoria de propostas.

A convocatoria de propostas correspondente a 2020 foi publicada no Diario Oficial da Unión Europea, do 5 de novembro de 2019 (EAC/A02/2019).

A Guía Erasmus+ para 2020 establece os obxectivos e características principais do Programa «Erasmus+», as entidades que poden participar nel, os orzamentos, os responsables da súa execución, así como as accións que este programa comprende, entre as que figuran, entre outras, proxectos de mobilidade para alumnado e persoal de ciclos formativos de grao superior dentro do sector Erasmus.

Esta guía detalla os procedementos das distintas accións, os trámites de solicitude das axudas para a realización de prácticas, os criterios de selección e concesión tanto dos proxectos como do alumnado participante, e inclúe toda información relevante para a elaboración e concesión dun proxecto europeo de mobilidade Erasmus KA1.

Igualmente, a Guía Erasmus+ para 2020 informa sobre as liñas prioritarias de cada un dos sectores (escolar, adultos, formación profesional e educación superior), e sobre a difusión e a sustentabilidade das liñas prioritarias que establece a Comisión Europea para os sectores da educación e da formación.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional (agora Dirección Xeral de Formación Profesional), solicitou unha subvención da Unión Europea ao abeiro do programa sectorial Erasmus+, correspondente á convocatoria nacional de propostas do Programa Erasmus+ para 2020.

A solicitude presentouse para un total de 24 mobilidades entrantes para estudantes de formación profesional (18 para prácticas e 6 para estudo) e 33 mobilidades para profesorado entrante. Na solicitude figura como institución organizadora e coordinadora do consorcio a Dirección Xeral de Formación Profesional, e como socios 58 centros educativos públicos (23 centros integrados de formación profesional e 35 institutos de educación secundaria).

Mediante Resolución do 28 de setembro de 2020 da Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) publicáronse as listaxes de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva, rexeitadas e excluídas de proxectos de Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe entre países do programa e asociados no sector de Educación Superior, Acción Clave 1, correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2020. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades resultou beneficiaria



dunha axuda para o Consorcio de mobilidades por importe total de 230.070,00 €, dos cales 128.910,00 € se corresponden con mobilidades entrantes.

As mobilidades de alumnado e de profesorado realizaranse no período de vixencia do convenio de subvención asinado co SEPIE, é dicir, ata o 31 de xullo de 2023.

O día 11 de novembro de 2020, o SEPIE e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, asinaron o convenio de subvención relativo a un proxecto con varios beneficiarios no marco do programa Erasmus+, con referencia número 2020-1-ES01-KA107-079729.

A cláusula II.18.1 do mesmo establece:

“O Convenio rexerese polo seguinte réxime xurídico e pola orde que se indica:

Dereito Comunitario: Convocatoria de propostas 2020 EAC/A02/2019 Programa Erasmus+ (2019/C373/06), as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e as ditas no seu desenvolvemento, así como, os actos xurídicos contractuais que regulan as obrigas entre a Axencia Nacional e a Comisión Europea, relativas á execución do programa Erasmus+.

Dereito nacional: Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria a súa normativa de desenvolvemento, e o non previsto, serán de aplicación supletoria as restantes normas de dereito administrativo xeral e especial, e no seu defecto, o Dereito común, todo iso en canto non se contradigan coa normativa comunitaria”.

De acordo co establecido no punto 3 do artigo 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a xestión das referidas axudas rexeranse polo réxime xurídico establecido pola Unión Europea para o desenvolvemento do Programa Erasmus+, xa que é unha subvención concedida pola Unión Europea e financiada totalmente con fondos europeos, sen prexuízo da aplicación de normas de organización e procedementos propios da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, esta lei aplicarase con carácter supletorio respecto da normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.

Tras a entrada en vigor do Decreto 58/2022, do 15 de maio, a denominación actual da Consellería é a de Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Ademais, o artigo 6 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, suprime a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pasando as competencias e funcións en materia de formación profesional a ser desenvolvidas pola Dirección Xeral de Formación Profesional.

Tendo en conta o anterior, esta consellería considera necesario establecer un procedemento para a concesión das axudas de mobilidades ao alumnado e ao profesorado seleccionado polas institucións estranxeiras socias no marco do proxecto asinado no convenio 2020-1-ES01-KA107-079729.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas, esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

## RESOLVE:

### *Artigo 1. Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar 57 axudas de mobilidade destinadas ao alumnado de educación superior entrante e ao profesorado de educación superior entrante dende as institucións de educación superior financiadas dos países asociados ao programa e socias dentro do marco do convenio número 2020-1-ES01-KA107-



079729 para a realización de mobilidades entrantes durante o período de duración do proxecto, ata o 31 de xullo de 2023.

### *Artigo 2. Requisitos*

1. O profesorado entrante debe ter un contrato en vigor coa institución educativa de orixe tanto no momento de facer a solicitude como durante todo o tempo que dure a mobilidade.
2. O alumnado entrante debe estar matriculado na institución educativa de orixe tanto no momento de facer a solicitude como durante todo o tempo que dure a mobilidade.
3. As persoas participantes nas mobilidades concedidas ao abeiro desta resolución de convocatoria deberán estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, nos termos establecidos no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia. A este respecto, as persoas participantes deberán presentar unha declaración xurada segundo o establecido no artigo 4 desta convocatoria.

### *Artigo 3. Criterios de selección dos participantes*

A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que se constituirá para tal efecto en cada institución educativa. Dita selección atenderá aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, ademais do establecido na Guía Erasmus+ para 2020.

O procedemento de selección axustarase aos seguintes criterios:

- a) Mobilidades de alumnado
  - Expediente académico (máximo 3 puntos).
  - Competencias lingüísticas en español, galego ou inglés (máximo 4 puntos).
  - Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos). É necesario obter un mínimo de 1,5 puntos neste apartado para ser seleccionado.
- b) Mobilidades de profesorado
  - Antigüidade na institución educativa (Máximo 3 puntos).
  - Competencias lingüísticas en español, galego ou inglés (máximo 4 puntos).
  - Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos). É necesario obter un mínimo de 1,5 puntos neste apartado para ser seleccionado.

### *Artigo 4. Documentación necesaria*

Cada institución participante enviará á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa como coordinadora do consorcio do proxecto 2020-1-ES01-KA107-079729, a seguinte documentación:

- Solicitude coa relación dos datos básicos das persoas participantes entrantes xunto co tipo de mobilidade que van realizar así como centro de destino, ou ben a empresa onde realizarán prácticas (caso do alumnado entrante de prácticas) e a súa temporalización segundo o modelo establecido no Anexo I desta convocatoria. O Anexo I, que poderá ser cumprimentado en inglés, deberá estar asinado pola institución de envío dos participantes.



- Declaración xurada de cada persoa participante na mobilidade segundo o modelo do Anexo II desta convocatoria. Dita declaración xurada estará asinada pola persoa interesada e poderá estar en inglés (Anexo III).
- Copia do documento nacional de identificación ou pasaporte en vigor de cada unha das persoas participantes.
- Certificado bancario da conta de cada unha das persoas participantes onde se fará o ingreso da axuda. Neste certificado debe figurar o titular da conta, o número IBAN e o correspondente código SWIFT.
- Acta de selección dos participantes indicando a puntuación obtida para cada criterio de avaliación.

O prazo para a presentación de solicitudes estará permanentemente aberto ata esgotar as mobilidades dispoñibles para cada país/institución ou ben ata a finalización do proxecto ERASMUS+ que as financia, o 31 de xullo de 2023.

#### *Artigo 5. Orzamento*

O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo ao concepto orzamentario 10.07.422M.480.5 para alumnado e profesorado entrante por un importe de 128.910,00 €.

#### *Artigo 6. Contías e criterios de distribución das axudas das mobilidades*

1. As 57 mobilidades concedidas (24 para alumnado entrante e 33 para profesorado entrante) distribuiranse, segundo as preferencias indicadas polo alumnado para estudos e profesorado para ensinanza, entre os centros que forman parte do consorcio e que quedan recollidos na táboa inferior. No caso de alumnado de prácticas e profesorado de formación poderán facer a súa mobilidade en calquera outra institución.

A Coruña:

Código	Centro
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto
15016000	CIFP Compostela
15014556	CIFP Coroso
15006754	CIFP Ferrolterra
15025682	CIFP Fraga do Eume
15027800	CIFP Imaxe e Son
15021469	CIFP Leixa
15027897	CIFP Paseo das Pontes
15015767	CIFP Politécnico de Santiago
15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
15024513	CIFP Someso
15005749	CIFP Universidade Laboral
15026753	IES A Pontepedriña
15027770	IES A Sardiñeira
15025530	IES da Pobra do Caramiñal
15026698	IES Espiñeira
15005397	IES Fernando Wirtz Suárez
15025694	IES Moncho Valcarce



Código	Centro
15002591	IES Monte Neme
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal
15026455	IES Terra de Trasancos
15026030	IES Terra de Xallas
15005269	IES Urbano Lugrís

**Lugo:**

Código	Centro
27006528	CIFP As Mercedes
27006516	CIFP Politécnico de Lugo
27020793	CIFP Porta da Auga
27006531	IES Lucus Augusti
27013636	IES María Sarmiento
27016509	IES Marqués de Sargadelos
27015773	IES Muralla Romana
27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes
27016455	IES Sanxillao

**Ourense:**

Código	Centro
32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel
32015050	CIFP A Farixa
32016765	CIFP Portovello
32009116	IES 12 de Outubro
32014801	IES Cidade de Antioquía
32016285	IES de Vilamarín
32015037	IES Manuel Chamoso Lamas

**Pontevedra:**

Código	Centro
36007552	CIFP A Granxa
36014489	CIFP A Xunqueira
36020064	CIFP Carlos Oroza
36013448	CIFP Manuel Antonio
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade
36018173	IES de Teis
36020362	IES de Valga
36015184	IES Escolas Proval
36019463	IES Johan Carballeira
36013758	IES Laxeiro
36018677	IES Luís Seoane
36006419	IES Montecelo
36004745	IES Plurilingüe A Paralaia
36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez
36020350	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro
36011634	IES Politécnico de Vigo
36004137	IES Ramón M <sup>a</sup> Aller Ulloa



Código	Centro
36019529	IES Ribeira do Louro
36017430	IES Ricardo Mella

As institucións educativas dos países asociados que poden solicitar prazas no marco deste proxecto son as que se detallan na seguinte táboa:

Institución educativa	País
Visoka skola "CEPS - Centar za poslovne studije" Kiseljak	Bosnia e Hercegovina
Visoka skola "Logos centar" u Mostaru	Bosnia e Hercegovina
Universidade de Cabo Verde	Cabo Verde
Mansoura University	Egipto
Yarmouk University	Xordania
St. Joseph ECDE College – Emmaus	Kenya
Federación EFA Galicia	Socio non académico para Kenia
Instituto Superior de Comunicação e Imagem de Moçambique	Mozambique

2. Se por algunha razón non fora posible a colaboración coas institucións anteriormente citadas é posible crear colaboracións con outra institucións dentro dos países financiados para a recepción de alumnado (tanto para prácticas como para estudo) e para profesorado para formación.

3. A lista de países financiados no marco deste convenio son: Bosnia e Hercegovina, Cabo Verde, Egipto, Xordania, Kenia e Mozambique.

4. Os importes das axudas por mes varían segundo o país no que se realizan as mobilidades e o tipo de mobilidade realizada (ver Anexo IV de Tarifas).

5. As axudas para estas mobilidades poderanse executar ata a data de fin do convenio, o 31 de xullo de 2023.

### *Artigo 7. Adxudicación das axudas*

1. Á vista da documentación achegada polas institucións socias de países financiados e das prazas que teñen asignadas, a Dirección Xeral de Formación Profesional elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que resolverá o que proceda, e nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A proposta de adxudicación das axudas será publicada na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ([www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)) e notificarase por correo electrónico a cada unha das institucións participantes dos países asociados ao programa.

3. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





4. Para os efectos establecidos no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta resolución será de cinco meses, contados desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender rexeitadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

#### Artigo 8. Renuncia á axuda

1. Se por calquera motivo o/a beneficiario/a non puidese facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar un escrito á Dirección Xeral de Formación Profesional solicitando a renuncia á mesma.

2. Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por correo electrónico cando se resolva a aceptación da renuncia. A contía do reintegro será a correspondente á diferenza entre o importe anticipado e os días da mobilidade xustificadas (tendo en conta os días mínimos de mobilidade establecidos na Guía Erasmus+).

#### Artigo 9. Pagamento das axudas ao alumnado e profesorado entrante.

1. As axudas ao persoal beneficiario faranse efectivas, a través do habilitado, mediante unha transferencia ao beneficiario/a, a través da conta bancaria indicada para tal efecto, no certificado de conta bancario aportado na documentación de solicitude.

2. O primeiro pagamento será realizado en concepto de anticipo, polo importe do 80% da axuda concedida, unha vez que o beneficiario/a e o representante legal do consorcio do proxecto 2020-1-ES01-KA107-079729, ou director do centro de destino, asinen o convenio de subvención Erasmus+ para estudos ou prácticas entre países do programa, segundo modelo establecido polo Programa Erasmus+.

3. Unha vez que o/a beneficiario/a remate a súa mobilidade, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey), de acordo co establecido no Programa Erasmus+, e presentar un certificado da empresa ou entidade conforme realizou a mobilidade, coas data de comezo e remate da mobilidade. Este certificado asinado pola institución onde realizou a mobilidade considerase solicitude de pagamento do 20% restante da axuda do/a beneficiario/a. No caso de que as datas de realización da mobilidade fosen inferiores aos días indicados no convenio de subvención asinado ao comenzo da mesma este pago do 20% minórarase dacordo aos días de mobilidade reais realizados e certificados neste documento.

4. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

#### Artigo 10. Transparencia e bo goberno

1. A presentación da solicitude de concesión de subvención por parte da persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante,



a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### *Artigo 11. Compatibilidade das axudas*

Estas axudas son compatibles con outras de carácter xeral, aínda que o importe total recibido nunca poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo das actividades subvencionadas.

#### *Artigo 12. Perda das axudas*

1. A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/as solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que procedesen, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### *Artigo 13. Obrigas das persoas beneficiarias*

1. A persoa beneficiaria está obrigada ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. A persoa beneficiaria está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles correspondan.

3. As persoas participantes nas mobilidades concedidas ao abeiro desta resolución de convocatoria deberán estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, nos termos establecidos no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia. A este respecto, as persoas participantes deberán presentar unha declaración xurada segundo o establecido no artigo 3 desta convocatoria.

#### *Artigo 14. Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo





tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», regulado na Orde do 26 de marzo de 2012 (DOG do 4 de abril) desta consellería, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades -Secretaría Xeral Técnica-Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxt.educacion@xunta.gal](mailto:sxt.educacion@xunta.gal).

#### *Artigo 15. Modelos normalizados de formularios*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa (<https://sede.xunta.es/modelos-normalizados>), que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### *Artigo 16. Notificacións*

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No casos de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### *Artigo 17. Adaptación*

Esta resolución adáptase ás normas que lle son aplicables da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás que figuran no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### *Disposición adicional primeira. Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



*Disposición adicional segunda. Obrigas*

As persoas beneficiarias teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

*Disposición adicional terceira. Impugnación*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

*Disposición adicional cuarta. Publicación na Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta así como o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e na páxina web da consellería.

*Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento*

Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta resolución.

*Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa comunicación aos centros educativos membros do consorcio.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades



**Anexo I**
**MODELO DE SOLICITUDE A PRESENTAR POLA INSTITUCIÓN PARTICIPANTE**

Tipo movilidad	Nº ID/ Pasaporte	Nome	Apellidos	Institución de orixe	Institución de destino	Banda de distancia	Data Inicio	Data final
Asinado en [localidade] e [data]								



**Anexo II**

## DECLARACIÓN XURADA

D/Dona .....  
con N° de identificación/ N° Pasaporte .....  
con enderezo en .....

DECLARA

Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social,  
nos termos establecidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste, aos efectos legais de poder obter a condición de beneficiario e  
posteriormente proceder ao cobro da axuda correspondente, asina a presente declaración  
xurada.

Data:

Sinatura,



**Anexo III**

## DECLARATION OF HONOUR

Mr/Ms .....  
with ID No./Passport No. ....  
with address at .....

DECLARES

To be up to date in the fulfillment of his/her tax and social security obligations, in the terms established in article 11 of Law 9/2007, of 13 June, on subsidies in Galicia.

And for the record, for the legal purposes of obtaining the status of beneficiary and subsequently proceed to the collection of the corresponding aid, sign this declaration.

Date:

Signature



**Anexo IV:**
**TARIFAS APLICABLES PARA CONTRIBUCIÓN POR UNIDADE**
**ACCIÓN CLAVE 1 – MOBILIDADE PARA O APRENDIZAXE**
**EDUCACIÓN SUPERIOR entre países do programa e asociados**
**1. Viaxe – Contribución aos costes da viaxe**

<b>Distancias</b>	<b>Importe</b>
Entre 10 e 99 km:	20 EUR por participante
Entre 100 e 499 km:	180 EUR por participante
Entre 500 e 1999 km:	275 EUR por participante
Entre 2.000 e 2999 km:	360 EUR por participante
Entre 3.000 e 3999 km:	530 EUR por participante
Entre 4.000 e 7999 km:	820 EUR por participante
8.000 km ou máis:	1.500 EUR por participante

Nota: a “distancia de viaxe” representa a distancia entre o lugar de orixe e o de realización da actividade, mentres que o “importe” cubre a contribución tanto para a viaxe de ida ao lugar da realización da actividade como para a viaxe de volta.

**2. Apoio individual**
**Mobilidade de persoal procedente de países asociados cara países do programa**

<b>País de destino</b>	<b>Persoal de países asociados</b>
	<b>Importe por día en EUR</b>
Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia	180
Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	160
Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	140

**Nota: o importe por día calculase do seguinte modo:**

ata o 14º día da actividade: o importe por día según se especifica na táboa anterior

+

entre o 15º e o 60º día da actividade: 70% do importe por participante e día segundo se especifica na táboa anterior





Mobilidade de persoal procedente de países do programa cara países asociados

<b>Importe por día en EUR</b>	180
-------------------------------	-----

**Nota: o importe por día calculase da seguinte maneira:**

ata o 14º día da actividade: o importe por día segundo se especifica na táboa anterior

+

entre o 15º e o 60º día da actividade: 70% do importe por participante e día segundo se especifica na táboa anterior

Mobilidade de estudantes de Educación Superior entre países do programa e asociados

<b>Dende</b>	<b>Cara</b>	<b>Importe</b>
Países asociados elixibles	Países do programa do grupo 1	900 EUR por mes
	Países do programa do grupo 2	850 EUR por mes
	Países do programa do grupo 3	800 EUR por mes
Países do programa	Países asociados	700 EUR por mes

